



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A TRECE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas do día trece de abril de dous mil dezaseis, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Francisco Veloso González
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- David Fernández Delgado
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, D^a Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada, e previamente ao debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día, sométese á votación dos/as presentes da urxencia que motiva a presente sesión.

Explica a Sra. Alcaldesa aos/ás presentes que a urxencia desta convocatoria ven motivada pola premura dos prazos no procedemento abreviado núm. 161/2015 sobre responsabilidade patrimonial do Concello.

Sométese a votación a urxencia, sendo apreciada co voto favorable dos/as Sres. Concelleiros/as do Grupo Popular (6) e o voto en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Socialista (4).

Pásase logo a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

ÚNICO.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO EXTRAJUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO NÚM. 161/2015 SEGUIDO ANTE O XULGADO CENTRAL DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 8 DE MADRID POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE LOBIOS POR DANOS NA PASARELA DE RÍO CALDO.

Por parte da Sra. Alcaldesa dáse lectura a súa proposta sobre a aprobación do acordo extrajudicial no procedemento abreviado núm. 161/2015 seguido ante o Xulgado Central do Contencioso-administrativo núm. 8 de Madrid por responsabilidade patrimonial do Concello de Lobios por danos causados na pasarela do río Caldo.

Rematada a lectura da proposta de Alcaldía toma a palabra o Sr. Concelleiro do Grupo Socialista, D. Francisco Veloso González, quen manifesta que están para axudar aos veciños pero dentro dun orde. Pregunta por qué non se fai cargo deste asunto o seguro así como sobre a opinión da Secretaria neste asunto.

A Secretaria lle responde que o seguro non se fai cargo porque non se lle deu traslado do mesmo.

O Sr. Concelleiro do Grupo Socialista, D. David Fernández Delgado pregunta que é o que pasou.

Explícalle a Sra. Alcaldesa que a instalación montada no río Caldo non é unha pasarela, e que o Concello ten falado coa Deputación Provincial e coa CHM-S para facer unha pasarela en condicións.

Os Sres. Concelleiros do Grupo Socialista manifestan que o que alí ten instalado o Concello é unha trampa.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Continúa a Alcaldía explicando que para este verán teñen pensado prohibir o paso. Que teñen o compromiso de Deputación para instalar un novo tipo de estrutura con perfís para conter a auga. Manifesta que neste momento o que se pretende é unha negociación co prexudicado par aforrar os custes xudiciais. Voltando ao tema da pasarela, engade a Sra. Alcaldesa que a CHM-S autoriza a construción dunha pasarela con entrada e saída á estrada e cun custe estimado duns 300.000,00 euros, ou ben unha pasarela de madeira colocada ao pe da ponte. Sinala tamén que as poldras non están autorizadas por CHM-S.

Manifesta o Sr. Concelleiro do Grupo Socialista, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, que pasou moitas veces por esa pasarela e que non se atopaba no estado que aparece nas fotografías achegadas polo demandante.

O Sr. Veloso González advirte sobre o feito de evitar unha prevaricación. Pon de manifesto a omisión por parte do Concello de non dar traslado ao seguro. Pregunta ademais cómo se acredita o importe da indemnización que se lle vai a pagar ao demandante. Engade que o Concello tiña que ter aquilo sinalizado. Entende que iso non é unha pasarela e que se deberían impugnar as fotografías achegadas xa que non foron levantadas ante notario. Ve maior responsabilidade na Hidrográfica. Hai culpa e negligencia do Concello e do veciño que ninguén lle mandou pasar por alí. Manifesta que se trata dun pleito infundado.

Toma a palabra o Sr. Ferreira Ferreira para preguntar se nalgún momento se falou co afectado ou se deixaron pasar as cousas. Entende que nalgún momento o afectado tivo que ser atendido polo GES.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que non se falou co denunciante, solo entre os avogados, e que o GES non lle da traslado de todos os partes ou avisos que atenden.

A petición dos Sres. Concelleiros, e tras diversas interrupcións, a Secretaria municipal da lectura aos parágrafos quinto e sexto do informe emitido con data 6 de abril de 2016 que se transcribe literalmente:

QUINTO.- Polo que atinxe á limitación de que o posible pacto ou acordo que se adopte non sexa contrario ao ordenamento xurídico e que co mesmo se pretenda a satisfacción do interese xeral, resulta preciso voltar ao exame dos requisitos que deben concorrer necesariamente para poder falar de responsabilidade da Administración:

- 1. Feito imputable á Administración.*
- 2. Lesión ou prexuízo antixurídico, efectivo, economicamente valuable e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.*
- 3. Relación de causalidade entre o feito e o prexuízo.*
- 4. Ausencia de forza maior ou outra causa de exclusión da responsabilidade.*

Tanto na reclamación de responsabilidade patrimonial como na demanda contencioso-administrativo os feitos imputados ao Concello de Lobios son a responsabilidade patrimonial deste polas lesións causadas a D. José Silva González producidas por unha caída cando cruzaba unha pasarela sobre o río Caldo. No presente caso non se discute o cumprimento dos requisitos primeiro, segundo e cuarto dos anteriormente citados. Xa que efectivamente os danos se produciron nunha instalación municipal, á vista dos partes e informes médicos as lesións son efectivas y cabe a súa valoración económica e non consta concorrencia de forza maior.

Mais discutible resultaría a concorrencia do terceiro dos requisitos citados: relación de causalidade directa e eficaz entre os feitos imputados ao Concello de Lobios e o dano producido. Resulta imprescindible a existencia de nexo causal entre a actuación da Administración e o resultado lesivo ou danoso producido.

A LRX-PAC e a Constitución establecen un sistema de responsabilidade das Administracións Públicas en termos xenerosos, xa que é xeral, directa e de carácter obxectivo. Agora ben, é preciso ter en conta que ante a mera alegación do prexudicado sobre a existencia dun accidente ou lesións e a concorrencia de responsabilidade da Administración, non significa que teña que ser esta última quen responda en todo caso.

Ao respecto se distinguen dúas liñas xurisprudenciais:

- Unha liña xurisprudencial na que non se exige a exclusividade de nexo causal, e que polo tanto non exclúe a responsabilidade da Administración cando na produción do dano intervéñen, ademais dela mesma, a propia vítima ou un terceiro. Nestes supostos, entende o Tribunal Supremo que procede levar a cabo un reparto proporcional do importe da indemnización entre os distintos axentes que participaron na produción do dano, en base á teoría da compensación de culpas.*



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Outra liña xurisprudencial sería aquela na que se o dano producido ao interesado é consecuencia exclusiva dun terceiro, se establece que a Administración quedaría exonerada, elo a pesares de que a súa responsabilidade sexa obxectiva.

No caso concreto obxecto deste expediente cabería fixarse en dous aspectos: a natureza da denominada "pasarela" e na conduta do propio lesionado.

Entre outras acepcións, a RAE define **pasarela** como unha ponte pequena e provisional; unha plataforma móbil pola que se accede a un barco ou unha ponte para peóns destinada a salvar estradas, ferrocarrís, etc.

Segundo a documentación que figura no expediente e, a falta de informe técnico ao respecto, mais que unha estrutura estable que permita o paso de peóns, a referida pasarela sería unha instalación de carácter non permanente, cuxa principal finalidade sería a contención das augas do río Caldo aos efectos de crear unha piscina natural para o baño durante o período estival. Do exame das fotografías achegadas pódese comprobar como os taboleiros están colocados de xeito irregular, existindo ocos nalgúns dos tramos, e que ademais están mollados, o cal sería unha consecuencia lóxica derivada da súa ubicación.

Outro argumento conducente á ruptura do nexo causal sería a posibilidade dunha conduta imprudente por parte do propio lesionado. Efectivamente, tal e como resulta das fotografías, a controvertida pasarela non semella ser unha estrutura que invite precisamente a transitar por ela. A elo habería que sumarlle o feito de que o propio lesionado contaba con case 79 anos de idade no momento en que se produciron os feitos, e que á vista dos informes médicos achegados, non goza dun bo estado de saúde. A responsabilidade do Concello podería logo resultar moderada pola propia actuación do lesionado, xa que sería posible recoñecer un compoñente claro de falta de precaución ou conduta negligente por parte de aquel.

Con todo, tampouco hai que perder de vista o proceder do Concello de Lobios ao respecto. Así pois, o Concello é o responsable da colocación da estrutura, e como tal, a el lle compete a vixilancia da mesma. Isto é, se o Concello instala tal elemento no verán coa finalidade expresada anteriormente, debería cando menos sinalizar e advertir que o mesmo non está indicado para o tránsito peonil, prohibindo o paso de peóns a través da mesma, así como calquera outro uso como podería ser a súa utilización a modo de trampolín ou semellante. Polo tanto, o feito de que o Concello sexa coñecedor destas circunstancias, e non adoptase medida algunha de protección e seguridade, así como as oportunas advertencias ou sinalizacións que indicasen o perigo que suporía transitar por riba da pasarela, serviría para fundamentar a responsabilidade municipal.

Por outra parte, entre os antecedentes documentais obrantes nesta Secretaría-Intervención, non consta autorización por parte da CHM-S para a instalación deste elemento, o que a raíz, da presente reclamación, podería dar lugar a incoación por parte daquela administración dun expediente sancionador contra o Concello de Lobios.

Segundo o exposto, habería argumentos para fundamentar unha concorrencia de culpas ou corresponsabilidade. Por outra banda, o feito de que o propio interesado propoña acadar un acordo extraxudicial, cunha considerable rebaixa respecto as súas pretensións iniciais, resulta moi significativo e permitiría apoiar a conclusión anterior. Con todo, neste intre nos atopamos xa en sede xudicial, polo que a falta de acordo, será o Xuíz ou o Tribunal quen decida ao respecto.

SEXTO.- A transacción resulta un bo instrumento para a resolución de conflitos, sendo particularmente usada nos casos de responsabilidade patrimonial. Agora ben, como se indicou no parágrafo terceiro, non se pode perder de vista que as Administracións Públicas non xestionan intereses propios, senón xerais, os cales en ningún caso poden quedar desvirtuados pola celebración deste tipo de convenios ou acordos. Así pois, a finalidade de que toda a actuación administrativa debe satisfacer o interese xeral e suxeitarse a dereito pervive tamén neste tipo de remate de procedementos.

Tendo en conta que o presente procedemento versa sobre a contía económica na que se fixará a indemnización ao lesionado, —de apreciarse responsabilidade municipal, exclusiva ou en concorrencia co denunciado—, cabería analizar logo o posible custe que un procedemento destas características suporía para o Concello de Lobios.

Para o caso de que se celebre o xuízo e considerando o escenario mais desfavorable, isto é, estimación íntegra da demanda e condena en costas ao Concello, o custe estimado ao que debería facer fronte o Concello sería o seguinte:

- Contía da indemnización reclamada na demanda: 20.276,06 euros.
- Honorarios de avogado que integran o concepto de costas: 3.100,00 euros estimados en aplicación da Norma 313.a) do Baremo de Avogados dos Iltres. Colexios de Avogados de Galicia. Este importe debería multiplicarse por dous, xa que non hai que esquecer que xunto ao Concello de Lobios, figura a CHM-S como codemandada.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- *Honorarios do avogado do Concello de Lobios. 2.730,00 euros estimados en aplicación da mesma norma do referido Baremo.*
- *Custes de desprazamento, aloxamento e manutención: 550,00 euros estimados en aplicación da Normas 8 e 9 do referido Baremo.*

O custe estimado ascendería a 29.756,06 euros, ao que habería que sumar o custe dos procuradores, —tamén multiplicado por tres: demandante, codemandado e procurador propio—, xunto co custe que representan os honorarios dos peritos que poidan actuar no procedemento, cuxo importe será asumido na súa totalidade pola parte condenada en costas, superando deste xeito os 30.000,00 euros.

Para o suposto de que se acadase unha transacción entre as partes, nos termos plantexados polo demandante, que evitaría chegar ao xuízo, os custes estimados serían os seguintes:

- *Contía da indemnización determinada no acordo transaccional: 10.500,00 euros.*
- *Honorarios do avogado do Concello de Lobios: pola consecución do acordo ou transacción 1.100,00 euros estimados ao abeiro da Norma 20 do Baremo de honorarios indicado anteriormente, e pola redacción do acordo transaccional, personamento no proceso xudicial e solicitude de arquivo 300,00 euros. Aplicado o IVE correspondente ascendería o total a uns 1.700,00 euros aproximadamente.*

Neste suposto o Concello non asumiría mais gastos que os expresados, polo que o custe estimado para as arcas municipais rondaría os 12.200,00 euros.

Loxicamente, entre estas dúas opcións, tamén cabe a posibilidade de acudir a xuízo onde podería resultar condenado o Concello pero en termos económicos mais favorables aos descritos inicialmente, ou mesmo absoluto. Con todo, e de conformidade cos argumentos expresados no parágrafo quinto do corpo deste informe, cabe pensar razoablemente que a declaración de inexistencia de responsabilidade municipal sería a posibilidade mais remota das catro propostas. Do xeito semellante, unha condena menos gravosa que a sinalada no primeiro caso, podería levar a pensar que a súa contía sería intermedia entre o escenario mais desfavorable e o suposto de transacción.

En todo caso, chegados a este punto e en sede xudicial, aos efectos de protexer os intereses públicos o Concello de Lobios deberá valorar a situación desde unha perspectiva económica coa finalidade de adoptar un acordo en consideración á totalidade dos feitos e argumentos descritos.

Este é o meu informe sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito, con todo, o Pleno en canto órgano competente adoptará o acordo que considere oportuno.

O Sr. David Fernández Delgado manifesta a súa preocupación pola implicación neste asunto da CHM-S.

O Sr. Veloso González pregunta quen deu a orde de colocación das táboas, e por qué non se lle deu traslado ao seguro.

A Sra. Alcaldesa responde que esas táboas lévanse colocando nese sitio desde fai mais de vinte anos.

Alega o Sr. Veloso González que el non pode votar a favor destas cousas porque el é independente e libre. Reitera que se deberían impugnar as fotografías porque non están feitas por un notario.

Advirte o Sr. Ferreira Ferreira sobre a posibilidade de que o SERGAS reclame os gastos médicos, así como sobre o feito de que accidentes deste tipo aparecerán en mais ocasións, por exemplo no caso da bombilla de San Paio ou co tema dos cans soltos.

O Sr. Concelleiro do Grupo Socialista, D. Manuel Fernández Vázquez, pregunta se xa se chegou a algún acordo co denunciante. Que deberían falar con el e resolver este tema.

O Sr. Veloso González engade que o interesado debería presentarse no Concello e que vise que o Concello lle está facendo un favor. Entende que neste caso hai unha concorrencia de culpas entre a CHM-S e o Concello, e que negociando, dos 20.000,00 euros reclamados poderíase rebaixar a 10.000,00 euros, que divididos ao 50% entre o Concello e a CHM-S, o Concello tería que pagar logo 5.000,00 euros. Advirte que se o Concello segue así ao final vai ter problemas. Escolto o informe da Secretaría e que é dubidoso todo, que por este tipo de acordos non se chega a ningún lado.

A Sra. Alcaldesa explica que este acordo ten que ser adoptado en Pleno e que a vista do informe xurídico da Secretaría do Concello e do aconsellado polo avogado, a aprobación desta proposta sería a mellor solución.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Contesta o Sr. Veloso González que lle parece ben que se pague ao señor pero que veña ao Concello e que fale con eles. Manifesta as súas dúbidas xurídicas respecto ao feito de que se poida levar a cabo a transacción. Propón que se volva a convocar outro Pleno co señor diante e chegar a un acordo con el. Que é preciso falar con el e que explique como foron as cousas. Entende que o señor perdería o pleito, que o acordo proposto non é ético. Cree que o pleito non o vai a gañar e que por iso plantexa unha proposta de acordo. Isto vai a dar que falar aos veciños, omitir un cumprimento responsable, non dar traslado ao seguro.

A Sra. Alcaldesa contesta que o denunciante sempre se dirixiu ao Concello a través do seu avogado. Que agora achega unha proposta de acordo e que lle toca ao Concello valorar que é aquilo que vaia a resultar máis gravoso.

O Sr. Ferreira Ferreira afirma que había que haberse preocupado antes do señor.

A Alcaldesa lles plantexa que agora hai dúas opcións: aceptar a proposta ou ir a xuízo. Afirma que non hai ningún trato de favor co demandante.

O Sr. Veloso González insiste en que para evitar a súa responsabilidade sería necesario convocar un novo pleno urgente, mesmo sen cobrar a asistencia, e que veña o señor ao Concello para que explique como foron as cousas. Que se quere o diñeiro que veña a por el.

Neste intre prodúcese unha discusión entre os Sres. Concelleiros de ambos os dous grupos políticos sobre asuntos que non teñen nada que ver co obxecto da presente sesión.

Por parte da Alcaldía se chama á orde aos efectos de retomar o asunto a debater e votar na presente sesión.

Pide a palabra o Sr. Veloso González quen solicita que se lle de traslado á Fiscalía das irregularidades cometidas no accidente ao existir unha posible prevaricación por parte do Concello. Interrompe a súa intervención para manifestar que pasa de continuar e que non conste nada en acta.

Cando son as 13:09 horas o Sr. Veloso González retírase do Salón de Plenos.

Os/as Sres./as Concelleiros/as continúan a falar das implicacións da proposta que constitúe o único punto da orde do día da presente sesión extraordinaria urgente.

Rematado o debate e non habendo mais intervencións procédese logo á votación sendo aprobada a proposta da Alcaldía co resultado seguinte:

Votos a favor: oito, —Grupo Popular (6) e Grupo Socialista (2) D. David Fernández Delgado e D. Manuel Fernández Vázquez—.

Votos en contra: un, —D. Juan Manuel Ferreira Ferreira—.

Abstencións: cero.

Resulta adoptado o seguinte acordo:

Vista a reclamación de responsabilidade patrimonial por danos causados na persoa de D. José Silva González cando camiñaba por unha pasarela instalada sobre o río Caldo, de data 5 de agosto de 2014 e rexistro de entrada núm. 1197.

Visto o recurso interposto polo interesado ante o Xulgado do contencioso administrativo núm. 2 de Ourense de data 27 de maio de 2015, reclamando unha indemnización por danos por importe de 20.276,00 euros.

Vista a competencia do Xulgado Central do Contencioso Administrativo núm. 8 de Madrid para coñecer do procedemento abreviado núm. 161/2015.

Visto o escrito achegado no rexistro xeral do Concello de Lobios con data 4 de abril de 2016 e núm. 547 formulado por D. Jorge Gómez Fernández, actuando en nome e representación de D. José Silva González, e propoñendo a adopción dun acordo extraxudicial que poña fin ao proceso xudicial que se segue no Xulgado Central do contencioso administrativo núm. 8 de Madrid.

Visto o importe da indemnización proposta para o caso de remate convencional do presente caso que ascende a 10.500,00 euros.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 6 de abril de 2016 sobre remate convencional do procedemento.

Considerando a concorrencia de responsabilidade na realización dos feitos que orixinaron a interposición da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ao Concello de Lobios.

De conformidade co disposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e artigo 50.14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en tanto órgano competente para a adquisición de bens e a transacción sobre os mesmos, o Concello Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o acordo extraxudicial proposto no procedemento abreviado núm. 161/2015 seguido ante o Xulgado Central do Contencioso Administrativo núm. 8 de Madrid fixando a contía da indemnización a favor do demandante, D. José Silva González, en DEZ MIL CINCOCENTOS EUROS, –10.500,00 euros–.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao demandante D. José Silva González.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á codemandada Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Xulgado Central do Contencioso Administrativo núm. 8 de Madrid aos efectos da súa admisión como remate do procedemento abreviado núm. 161/2015.

QUINTO.- Proceder ao pagamento da contía indemnizatoria de DEZ MIL CINCOCENTOS EUROS, –10.500,00 euros–, na conta designada a tal efecto pola parte demandante dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende a notificación do auto xudicial polo que se teña por rematado o procedemento».

«Vista a reclamación de responsabilidade patrimonial por danos causados na persoa de D. José Silva González cando camiñaba por unha pasarela instalada sobre o río Caldo, de data 5 de agosto de 2014 e rexistro de entrada núm. 1197.

Visto o recurso interposto polo interesado ante o Xulgado do contencioso administrativo núm. 2 de Ourense de data 27 de maio de 2015, reclamando unha indemnización por danos por importe de 20.276,00 euros.

Vista a competencia do Xulgado Central do Contencioso Administrativo núm. 8 de Madrid para coñecer do procedemento abreviado núm. 161/2015.

Visto o escrito achegado no rexistro xeral do Concello de Lobios con data 4 de abril de 2016 e núm. 547 formulado por D. Jorge Gómez Fernández, actuando en nome e representación de D. José Silva González, e propoñendo a adopción dun acordo extraxudicial que poña fin ao proceso xudicial que se segue no Xulgado Central do contencioso administrativo núm. 8 de Madrid.

Visto o importe da indemnización proposta para o caso de remate convencional do presente caso que ascende a 10.500,00 euros.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 6 de abril de 2016 sobre remate convencional do procedemento.

Considerando a concorrencia de responsabilidade na realización dos feitos que orixinaron a interposición da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ao Concello de Lobios.

De conformidade co disposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e artigo 50.14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en tanto órgano competente para a adquisición de bens e a transacción sobre os mesmos, o Concello Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o acordo extraxudicial proposto no procedemento abreviado núm. 161/2015 seguido ante o Xulgado Central do Contencioso Administrativo núm. 8 de Madrid fixando a contía da indemnización a favor do demandante, D. José Silva González, en DEZ MIL CINCOCENTOS EUROS, –10.500,00 euros–.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao demandante D. José Silva González.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á codemandada Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Xulgado Central do Contencioso Administrativo núm. 8 de Madrid aos efectos da súa admisión como remate do procedemento abreviado núm. 161/2015.

QUINTO.- Proceder ao pagamento da contía indemnizatoria de DEZ MIL CINCOCENTOS EUROS, –10.500,00 euros–, na conta designada a tal efecto pola parte demandante dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende a notificación do auto xudicial polo que se teña por rematado o procedemento.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

A Secretaria-Interventora

María del Carmen Yáñez Salgado

Marta Izquierdo Gamallo